

Premio da Crítica

Manuel Vilanova: "Creo que en A esmeralda branca vence, sobre todo, a alegría de vivir"

A traxectoria de Manuel Vilanova é longa, pero é agora, trala publicación de A esmeralda branca en Libros da Frouma cando ofrece un volume monumental da súa escrita en lingua galega. Libro imprescindible e xusto recoñecemento ó poeta.

JOSÉ MIGUEL A. GIRALDEZ

Manuel Vilanova, Manolo Vilanova (Barbantes, 1944) acaba de gañar o último premio da Crítica na modalidade de poesía (Manuel Rivas conseguiu, con Os libros arden mal, ogalardón no apartado de narrativa). Pero a traxectoria de Vilanova é longa, longuíssima. Un poeta de amplo percorrido, tanto en galego como en castelán, que sen dúbida merecía un recoñecemento contundente: o Premio da Crítica é un recoñecemento contundente. A monumentalidade de A esmeralda branca, publicado por Libros da Frouma coidado, coma sempre, de Luis Alonso Gírgado, está á vista: 525 páxinas moi aproveitadas. Aínda que a monumentalidade desta obra de Vilanova non está no tamaño, por moito que o tamaño importe. A monumentalidade está na grandeza desde poesía total, terreal, telúrica, que afonda no máis profundo da paisaxe e dos sentimentos de Galicia. Vilanova convértese con este libro (xa o era, de feito) nun dos grandes intérpretes do sentir galaico, da identidade derivada da terra mesma. Un cántico espiritual, unha procura da Arcadia e as súas meigas, unha festa de palabras. Vilanova é unha festa de palabras. Falamos con el días despois de obter o premio. Manolo Vilanova é un home de verbo amplo, de verbas agarimosas, un poeta cheo de campechanía e humildade, e, polo tanto, un poeta cheo de sabedoría.

-Días cheos de chamadas, entrevistas, felicitacións, supoño...

-Home si. Pero mira, na casa exercemos o costume, ou mellor, o deporte, que consiste en que cando os nosos fillos entran por unha porta de vacacións, nós saímos pola outra. Así que estamos aquí en Vigo, descansando un pouquiño.

-Este un premio grande e importante. Daquela, penso eu, non é a mellor cousa para descansar...

-Non, non, é certo. Pero é bo para o libro. E bo para a editorial, da que non quero facer máis que loanzas, porque xa ves que é unha edición coidadísima, magnífica, da man de Alonso Gírgado e de Baldo Ramos. Así que estou moi feliz con todo isto.

-É sabido que Manolo Vilanova é un dos grandes poetas de Galicia. Pero a verdade é que, se botamos unha mirada á túa biografía literaria, chea de acontecementos, descubrimos unha personalidade un tanto diferente, peculiar. Porque a verdade, a túa carreira literaria é longuíssima, intermitente ás veces, e creo que un pouco afastada dos camiños máis coñecidos...

-Si, pode que sexa curiosa. Pero temen é orixinal non porque eu procurara a orixinalidade, quero dicir que ten que ver co meu xeito de vivir. Eu prefiro unha vida apartada, unha soidade en compañía dos meus.

Non me gustou moito ter unha presenza social excesiva. Un escritor tense que dedicar a trabaliar, ten que estar encima das palabras, e iso comporta unha vida entregada a poesía. Unhas veces en galego, outras en castelán... Pero eu sempre procurei amar as palabras. Tiven a sorte de escribir libros de bastante éxito, non está ben que o diga eu, pero a verdade é que levo toda a vida no camiño. O que non quero é figurar moito...

-Pois iso vai ser a partir de agora moito máis complexo.

-Si. Pero tamén é cuestión dun. Por outra banda, benvida sexa a cercanía cos lectores, porque iso axuda a poesía, e fai moitísima falta. É precisa a lectura dun pouquiño de poesía. É necesaria.

-Gamoneda, co que falabamos hai unhas semanas, dicía exactamente o mesmo. Que pasou a vida ó seu, agochado na casa, escribindo en silencio e en soidade, de madrugada. Ben, Juan Ramón tamén presumía de ter a poesía encerrada na casa,

-Claro, pero Juan Ramón é un monstro. É un escritor total, desde que tiña dezaioito anos, E de Antonio Gamoneda, que podo dicir... somos moi amigos aínda que na distancia... porque como os dous estamos pechados todo o día... Pero eu tiven a sorte de estar no xurado que lle deu o Premio Nacional de Literatura a Gamoneda. Por certo que un Premio nacional é moi difícil de manipular: son dez persoas que votan dez nomes. E Gamoneda foi o único que acadou o pleno, acadou todos os votos posibles. O problema é que Antonio publicou moito en editoriais marxinais, pero desde que sacou en Cátedra a obra completa, converteuse por fin nun poeta moi coñecido. E foi unha enorme revelación. Gamoneda é a mostra clara de que non hai silencios nos poetas. Dalgún xeito, a boa literatura sempre emite sinais. Creo que as miñas obras estiveron sempre ermitindo... As cobras [E direi-vos eu o mister das cobras] desde os 80, ou A lenda das árbores de prata... En fin, un recolle agora os froitos deses sinais que durante anos os libros estiveron emitindo...

-Aínda que sexa simplificar, podemos dicir que a poesía de Vilanova é panteísta, unha visión formidable, etimoloxicamente falando, da natureza, e un pouco tamén a poesía da luminiscencia dos obxectos, da presenza sagrada das cousas. Lémbreme esto a poesía do Seamus Heaney. Pero, en fin non é doado simplificar cando falamos dun libro de máis de 500 páxinas...

-Ben, e puideron ser 900, se non fora polos esforzos que se fixeron para que o libro non fora un ladrillo... Creo que salienta ben o que predomina no libro. Creo que en A esmeralda branca triunfa a ledicia de vivir. E O Ribeiro como lugar sagrado.

-E está a herdanza cunqueiriana, o retorno ó territorio mítico...

-Non só cunqueiriana, senón dos neohelénicos que el coñecía ben, Séferis, Kavafis, esa alegría enorme de vivir.

-Ti coñeches a poetas importantes. Aleixandre escribiu palabras agarimosas sobre ti... Supoño que Agustín Goytisolo, ou Cernuda, ou Rosales, deixarían na tua escrita a súa pegada.

-Si, pero a liña que predomina na miña poesía e a de Cernuda, poeta sobre o que fixen a miña tese de doutoramento. Fíxena sobre a soiedade en Cernuda. O meu encontro con Rosales foi revelador, algo asombroso... poucas veces coñecín unha persoa tan boa e tan sabia... Rosales sabía tantas cousas... sabía cancións galegas de memoria... E dicía: "Manolo ti tes que ter o galego no oído a forza, porque ti es de aldea..." Tamén tiveron unha longa relación de amizade con Ángel Crespo... Foron os tradutores de todos os poetas europeos ó castelán, introduciron a poesía brasileira entre nós, traduciron a Pessoa... Direi que estas persoas me ensinaron que o amor á poesía está por encima das linguas.